

**COMISIÓN ESTUDO DA FUNCIONARIZACIÓN DO PAS  
LABORAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

**ACTA Nº 2**

**ASISTENTES**

**UNIVERSIDADE DE VIGO**

**Xerente:**

Manuel Fernández Jauregui

**Xefe do Servizo de PAS:**

José M. Fernández Viña

**Redacción de acta:**

Rafael Ameneiro Bravo

**REPRESENTANTES SINDICAIS**

**Comité de Empresa Ourense**

Rodrigo Alverte Pivida (CIG)

José Manuel García Eirín (CIG)

**Comité de Empresa Pontevedra**

Luciano Otero Camiña (CIG)

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

Marcos Estévez Orge (CCOO)

Manuel Marcos García (CCOO)

**Asesores sindicais**

Ana Bande Bande (CCOO)

Federico Fernández Fernández (CIG)

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral indicados, previa a correspondente convocatoria, mantiveron unha reunión ás 09:30 horas do 4 de novembro de 2015, no Edificio da Xerencia, de acordo coa seguinte

**ORDE DO DÍA:**

**1. Lectura e aprobación da acta da reunión da comisión de estudo da funcionarización, do 6 de outubro de 2015.**

Apróbase por unanimidade a acta do 6 de outubro de 2015.

Acórdase que se faga constar a hora de incorporación ou ausencia dos asistentes so a pedimento da persoa interesada.

**2. Negociación da funcionarización do PAS Laboral da Universidade de Vigo.**

O Xerente entrega o documento: *Táboa de integración en escalas e subescalas funcionariais*, con indicación de grupo e complemento de destino, tal e como se comprometera na reunión anterior. Achegarase como anexo a esta acta.

Carlos Mollinedo indica que esperaba que hoxe se falara tamén dos procesos e procedementos da funcionarización.

O Xerente explica que o nivel dos complementos de destino resultan do establecido no acordo do AGA e que a proposta garante as condicións salariais de todo o persoal, respectando as xornadas actuais do PAS laboral. Os postos con responsabilidade e dirección terían un C. específico e de destino similar aos asignados actualmente ao PAS funcionario.

Rodrigo Alverte indica que na relación falta a categoría de Técnico Superior en Deportes.

Federico Fernández pregunta se son os postos actuais existentes na RPT ou hai mais postos.

O Xerente contesta que con carácter xeral son os postos da RPT.

O Xefe do Servizo de PAS indica que se trata dun documento de traballo, podendo faltar algunha categoría.

Carlos Mollinedo manifesta que en liñas xerais, están bastante de acordo co documento, xa que o C. específico incluíría as singularidades dos postos con responsabilidade. Manifesta que esta proposta é similar á presentada no seu día polos Comités de Empresa, con diferenzas na Escala Técnica (ET) Auxiliar, para a que propuxeran o nivel 18.

Federico Fernández engade que o nivel mínimo da ET Superior sería o 23 e da ET de Grao Medio o 22.

O Xerente indica que a táboa está referida a postos base, sen singularidades de responsabilidade, dirección, etc, que se integrarían no C. específico. O proceso de funcionarización ten por obxecto modificar o réxime xurídico, o vínculo da relación coa administración, pero non é o ámbito para modificar as retribucións, nin para reivindicar ascensos; é unha transposición do AGA, o que se acordou nese momento é o que hai agora.

Federico Fernández manifesta que o grupo IV xa está homologado salarialmente ao C2-17.

O Xerente considera que a táboa responde á situación actual, escenario que facilitará a tramitación perante a Xunta de Galicia, xa que a teor de consultas previas, poderían autorizar a funcionarización se non afecta á masa salarial, como aconteceu coa U. de Santiago.

Carlos Mollinedo indica que esperaba máis xa que a táboa só se refire a postos base, agás na ET de Especialistas, onde xa recolle un nivel 19. Debería indicar as direccións, as direccións técnicas e as responsabilidades, facer a simulación salarial dos postos, senón non aporta nada novo.

O Xerente responde que esta táboa xunto co *Acordo sobre a estrutura de xefatura e coordinación* ofrece unha visión de conxunto da totalidade dos postos e retribucións.

Carlos Mollinedo indica que na táboa non se recolle o Grupo B para encaixar aos Técnicos Medios de TIC, aos que non se lles esixiu titulación para acceder a tales postos.

O Xerente pospono a reunión posterior, pero que en calquera caso a premisa é que todo o persoal atopará encaixe no proceso de funcionarización e se respectarán as súas condicións.

Marcos Estévez agradece o documento que pon negro sobre branco, co que a Xerencia avanza na estrutura de escalas da RPT; tamén pregunta se a Xerencia ten traballado na integración na RPT de PAS funcionario xa que entende que estas escalas se integrarían como escalas separadas, non na escala administrativa e sobre a integración dos colectivos.

O Xefe do Servizo de PAS explica que as escalas xerais son as de administración mentres o documento enumera escalas especiais en función da titulación requirida para o ingreso, que se corresponden cos actuais Grupos do Convenio colectivo, especificando dentro de cada unha delas as subescalas. Por

exemplo, dentro da ET Superior, para a que se requiriría estar en posesión de titulación universitaria de grao, licenciado, etc, se distinguirían diferentes subescalas (Igualdade, Calidade...). Na RPT habería que incluír unha columna de “observacións” ou , “especificacións” na que se faría referencia a corpos, escalas e subescalas, o que resultaría imprescindible para os concursos, posto que determinaría as posibilidades de concursar aos distintos postos segundo a súa adscrición a corpo, escala e subescala. Ademais, na RPT deberanse incluír as columnas que se precisen para reflectir as particularidades de cada posto.

José M. García bota en falla áreas de traballo, como prevención ou servizos xerais.

O Xefe do Servizo de PAS explica que o primeiro paso debe ser acordar a adscrición dos postos a unha escala e subescala, tendo en conta a titulación e a categoría profesional; máis adiante podería abordarse o que el plantea.

Manuel Marcos indica que falta a escala de TS de Xenómica.

Marcos Estévez pregunta se o seguinte paso da negociación será entregar unha táboa cos importes do C. específico, chegar a un acordo e constituír unha comisión tripartita.

O Xerente indica que se comprobará o nivel da Escala Técnica Auxiliar e a relación de categoría e subescalas, deixando claro que non vai haber ningunha mellora salarial que se derive da adscrición de niveis e subescalas.

Carlos Mollinedo manifesta que se deberá discutir máis adiante o complemento de antigüidade e os trienios, que no caso do PAS funcionario se fixo por un acordo do Consello de Goberno que pode ser modificado, garantindo que o persoal manteña as mesmas retribucións. Na videira reunión espera que a Xerencia presente un documento completo de funcionarización, como da U. de Coruña, cos nivel do C. específico, os procesos de selección e a formación, antes de pasar a unha comisión mixta.

O Xerente desexa concretar qué pasos se deben dar para rematar o proceso e pregunta se os Comités de Empresa van a presentar algún documento coa súa proposta, posto negocian dúas partes. Ínstaos a que presenten un documento completo como o que demandan para a seguinte reunión.

Rodrigo Alberte sinala que se deben tratar as condicións de acceso, os programas de formación, o réxime retributivo e as garantías salariais.

Carlos Mollinedo indica que pretende entregar un documento sobre os aspectos principais, ao que se compromete en nome da CIG, sinalando porque non pode comprometerse en nome dos Comités de Empresa.

José M. García estima que sen concretar os C. específicos non se podería pechar a RPT.

O Xerente solicita dispor do documento polo menos cunha semana de antelación para poder analízalo.

Carlos Mollinedo reitera o seu compromiso; os seguintes pasos serían asinar o acordo e convocar a comisión tripartita.

O Xerente manifesta que convocará unha reunión arredor dunha semana despois de recibir a proposta dos representantes.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a reunión, ás 12:20 horas.

**TABOA INTEGRACIÓN EN ESCALAS E SUBESCALAS FUNCIONARIAIS**

| <b>SUBESCALA</b> | <b>GR</b> | <b>DEST</b> | <b>ESP</b> | <b>OBSERVACIÓNS</b> |
|------------------|-----------|-------------|------------|---------------------|
|------------------|-----------|-------------|------------|---------------------|

**ESCALA TÉCNICA SUPERIOR**

|  |    |    |  |  |
|--|----|----|--|--|
| IGUALDADE  | A1 | 22 |  |  |
| INNOVACIÓN EDUCATIVA                                 | A1 | 22 |  |  |
| NORMALIZACION LINGÜÍSTICA                            | A1 | 22 |  |  |
| RELACIÓNS INSTITUCIONAIS                             | A1 | 22 |  |  |
| ANÁLISE INSTRUMENTAL                                 | A1 | 22 |  |  |
| TELEDETECCIÓN  | A1 | 22 |  |  |
| DETERMINACIÓN ESTRUCTURAL E PROTEÓMICA               | A1 | 22 |  |  |
| MICROSCOPIA ELECTRÓNICA                              | A1 | 22 |  |  |
| ANÁLISE DE SUPERFICIES                               | A1 | 22 |  |  |
| VETERINARIO/A  | A1 | 22 |  |  |
| ACTIVIDADES DO MEDIO MARIÑO                          | A1 | 22 |  |  |
| CALIDADE AMBIENTAL E HISTOLOXÍA                      | A1 | 22 |  |  |
| CULTIVOS MARIÑOS                                     | A1 | 22 |  |  |
| RELACIÓNS INTERNACIONAIS                             | A1 | 22 |  |  |
| I+D  | A1 | 22 |  |  |
| CALIDADE   | A1 | 22 |  |  |
| TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS           | A1 | 22 |  |  |
| ACTIVIDADES CULTURAI                                 | A1 | 22 |  |  |
| PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS                        | A1 | 22 |  |  |
| ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN DO EMPREGO E O EMPRENDIMENTO | A1 | 22 |  |  |
| XESTION AMBIENTAL                                    | A1 | 22 |  |  |
| BIOTECNOLOXÍA  | A1 | 22 |  |  |
| TELEDOCENCIA   | A1 | 22 |  |  |

**ESCALA TÉCNICA DE GRAO MEDIO**

|  |    |    |  |  |
|--|----|----|--|--|
| INNOVACIÓN EDUCATIVA   | A2 | 20 |  |  |
| TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS                                 | A2 | 20 |  |  |
| ACTIVIDADES CULTURAI   | A2 | 20 |  |  |
| PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS  | A2 | 20 |  |  |
| GRADUADO/A, ARQUITECTO/A TECNICO/A, ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A<br>- A extinguir | A2 | 20 |  |  |

**ESCALA TÉCNICA DE ESPECIALISTAS**

|  |    |    |  |  |
|--|----|----|--|--|
| SERVIZOS XERAIS  | C1 | 18 |  |  |
| ANÁLISE INSTRUMENTAL                                   | C1 | 19 |  |  |
| ELECTRÓNICA E INSTRUMENTACIÓN CIENTÍFICA E CALIBRACIÓN | C1 | 19 |  |  |
| MÁQUINAS FERRAMENTAS                                   | C1 | 19 |  |  |
| ANIMALARIO   | C1 | 19 |  |  |
| CALIDADE AMBIENTAL E HISTOLOXÍA                        | C1 | 19 |  |  |
| CULTIVOS MARIÑOS                                       | C1 | 19 |  |  |
| TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS             | C1 | 19 |  |  |
| BIBLIOTECAS  | C1 | 18 |  |  |
| ACTIVIDADES DEPORTIVAS                                 | C1 | 18 |  |  |
| XARDINERÍA E ZONAS VERDES                              | C1 | 18 |  |  |
| TRANSPORTE E DISTRIBUCIÓN                              | C1 | 18 |  |  |
| DELINEACIÓN E DESEÑO ASISTIDO POR ORDENADOR            | C1 | 19 |  |  |
| BIOLOXÍA   | C1 | 19 |  |  |
| FÍSICA   | C1 | 19 |  |  |
| QUÍMICA  | C1 | 19 |  |  |
| NEFELOMETRÍA E SUBSCEPTIBILIDADE MAGNÉTICA             | C1 | 19 |  |  |
| AUTOMATIZACIÓN INDUSTRIAL                              | C1 | 19 |  |  |
| ELECTRÓNICA  | C1 | 19 |  |  |
| MECÁNICA   | C1 | 19 |  |  |
| MECANIZADO DE ALTO BALEIRO E P.C.O.                    | C1 | 19 |  |  |

|  |    |    |  |  |
|--|----|----|--|--|
| ANÁLISE DOS ALIMENTOS                        | C1 | 19 |  |  |
| DELINEACIÓN E DESEÑO ASISTIDO POR ORDENADOR  | C1 | 19 |  |  |
| CAPATAZ FORESTAL                             | C1 | 19 |  |  |
| MEDIOS AUDIOVISUAIS                          | C1 | 19 |  |  |
| TALLER DE BELAS ARTES                        | C1 | 19 |  |  |
| TALLER DE TÉCNICAS ESCULTÓRICAS E PICTÓRICAS | C1 | 19 |  |  |
| TÉCNICAS DE ARTES GRÁFICAS                   | C1 | 19 |  |  |

|                                |
|--------------------------------|
| <b>ESCALA TÉCNICA AUXILIAR</b> |
|--------------------------------|

|                                      |    |    |  |  |
|--------------------------------------|----|----|--|--|
| SERVIZOS XERAIS                      | C2 | 16 |  |  |
| INFORMACIÓN TELEFÓNICA               | C2 | 16 |  |  |
| INSTALACIÓNS DEPORTIVAS              | C2 | 16 |  |  |
| OFICIAL DE LABORATORIO - A extinguir | C2 | 16 |  |  |

Complemento específico: con carácter xeral será similar ao fixado para o PAS funcionario con similar C. de destino.

O C. específico recollerá as especificidades das xornadas realizadas actualmente polo PAS laboral (xornada partida, permanencia, extensión, xornadas especiais...), de xeito que o salario resultante sexa igual ao salario

Os postos que conleven responsabilidades, dirección, dirección técnica ou subdirección terán un un C. específico e de destino, a igual xornada, similares aos asignados actualmente ao PAS funcionario ao que se asimilen, por